

## FICHA RESUME

**PE 410A 2008/1-5**

<b>Ano</b>	2008
<b>Entidade</b>	CONFRARIA DE PESCADORES DE CAMBADOS
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	A PÉ

<b>Especies</b>	<i>Diopatra neapolitana, Arenicola marina, Hediste diversicolor</i>
<b>Ambito do plan</b>	O Sarrido (Varal, Bebederos, Medio), Tragove e Saco de Fefiñáns
<b>Subzonas de explotación</b>	

<b>Participantes no plan de explotación</b>		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
213		
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
	Si	

<b>Calendario de explotación</b>											
<b>Días máximos de extracción</b>		160									
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup> : de 17 de marzo a 31 de outubro.</b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: A PÉ</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

<b>Especies</b>	A pé
<i>Para o conxunto de todas as especies</i>	800 individuos

<b>Artes a empregar</b>	Sacho, pá e forquita.
-------------------------	-----------------------

<b>Puntos de control</b>	Galpón da rúa de Montesaco en Santo Tomé e lonxa de Tragove
<b>Puntos de venda</b>	Centro de venda autorizado

<b>Outras consideracións<sup>(9)</sup></b>
<p>En relación coa zona de traballo, deberanse respetar as limitacións que se poidan establecer no informe que emita a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a autorización previa para desenvolver o plan de explotación para o 2008 no banco de O Sarrido integrado na zona de especial protección dos valores naturais Complexo Ons- O Grove. No informe emitido por dita consellería sobre o plan de explotación para o ano 2007 establecíase como condición que a extracción de poliquetos se limitase ás superficies areosas e lamosas do Sarrido non cubertas pola especie vexetal <i>Zoostera noltii</i> e <i>Zoostera marina</i>, non podendo causar alteracións sobre estes últimos hábitats.</p> <p>Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da orde de 6 de febreiro de 2008,</p>

na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos das persoas excluídas deste plan de explotación deberán ser consultados nas fichas orixinais que están a disposición dos interesados nos servizos centrais e nas Delegacións correspondentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

Deben presentar a documentación requirida pola delegación territorial en data 23.01.2008 relativa á:

1. O procedemento seguido polo colectivo para o establecemento das quendas rotatorias das participantes. Ademais deberán acreditar, mediante certificación ou copia das actas, os acordos tomados pola asemblea de mariscadoras da agrupación en relación co sistema de explotación das distintas especies

De acordo cos informes técnicos, efectúanse as seguinte recomendacións para a mellora do plan:

- Presentar unha avaliación dos recursos.
- Planificar a explotación mediante un sistema de rotación por sectores.
- Especificar a organización do punto de control.
- Elaborar un plan financeiro.

**As capturas diarias do conxunto das especies non poderán superar os 800 individuos/persona/día**